

bb boletín de bienestar

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

ACTUALIDADE

- Editorial
- As persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% poden solicitar xa a tarxeta acreditativa.
- Rey Varela destaca a importancia do deporte nas persoas con discapacidade como "motor dos seus soños" e medio para acadar "a mellora da calidade de vida".
- Rey Varela asiste á saída da Marcha Ciclista Unificada que organiza Special Olympics Galicia.
- A Xunta de Galicia incrementará a oferta de prazas concertadas para persoas con discapacidade intelectual no centro de día da asociación "Con Eles".
- A Xunta impulsa coa Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental un programa de apoio socioeducativo comunitario e atención no fogar.
- Arturo Parrado inaugura o Foro Inserta Responsable de análise das oportunidades que ofrece a inclusión laboral de persoas con discapacidade
- A Asociación Inserta Empleo da Fundación ONCE e a Amtega ofrecen formación en ofimática a persoas con discapacidade en situación de desemprego.
- Rey Varela avanza co Concello de Foz na cesión da xestión do fogar residencial e centro de día para a atención de persoas maiores e dependentes para a súa apertura neste ano.
- Rey Varela asina co Concello de Cervo o convenio para o equipamento do Centro de promoción da autonomía e atención á dependencia sito en San Cibrao por un importe de 160.000 euros.
- A Consellería de Política Social busca formar e apoiar os cuidadores non profesionais a través do programa "Xuntos nos cuidados"
- A Xunta de Galicia abre o prazo para solicitar o Bono Coidado co que subvencionará o uso de recursos de atención á infancia a domicilio.
- A Xunta de Galicia pon á disposición de establecementos e firmas comerciais e de servizos a posibilidade de adherirse á Tarxeta Benvida.
- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a convocatoria e a orde que regula a concesión de axudas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos.
- A Xunta dá un paso máis no compromiso coa revitalización da sociedade galega coa creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia
- Días internacionais.

ESTATÍSTICAS

- Evolución prazas residenciais para maiores
- Censo de persoas con discapacidade
- Dependencia. Xestión das valoracións das situacións de dependencia.

ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Redes sociais: Blogs.
- Congresos, xornadas e cursos.
- Outros enderezos de interese.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.



TARXETA ACREDITATIVA do Grao de Discapacidade

Este cartón é persoal e intransferible

2. Modelos de Tarxeta de Validación de Discapacidade, en versións para solicitar a través do sistema de acceso ao ERU, R. A. Regulado, na súa versión 1.0, de acordo coa resolución de 2015/1000 do 12 de maio de 2015.

NORMATIVA

Normativa DOG

Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

PUBLICACIÓNS

Catálogo de publicacións na web



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Memoria 2015

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2016. BdB. Boletín de
Bienestar, 2016

Edita:
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral
de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

URL:
Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0
España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Editorial

Dedicamos este novo número á discapacidade e á dependencia. Conceptos que se complementan e que as políticas sociais levadas a cabo desde a Administración autonómica atenden desde esta dobre perspectiva. A Consellería, coas súas políticas de integración, pretende establecer un

modelo de atención individualizada para atender e dar visibilidade ás necesidades deste colectivo e das súas familias co obxectivo de acadar unha inclusión social efectiva e plena a través da participación activa deste colectivo cada vez máis numeroso na nosa comunidade



TARXETA ACREDITATIVA do Grao de Discapacidade

Este cartón é persoal e intransferible

A identidade do/a titular deberá de acreditarse, no suposto de que así se requira, mediante o D.N.I, N.I.E, Pasaporte ou certificación literal de nacemento no caso de menores de 14 anos que non posúan D.N.I.

As persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% poden solicitar xa a tarxeta acreditativa

- A Consellería de Política Social impulsa esta iniciativa coa finalidade de que as persoas con discapacidade legalmente recoñecida poidan acreditar de forma áxil e práctica o seu grao de discapacidade e facilitarlles así o acceso a determinados servizos que poidan mellorar a súa calidade de vida

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2016.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde pola que se crea a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade e se regula o procedemento para a súa obtención. Esta iniciativa impulsada pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores

e Persoas con Discapacidade, ten como finalidade que as persoas con discapacidade legalmente recoñecida poidan acreditar de forma áxil e práctica o seu grao de discapacidade e facilitarlles así o acceso a determinados servizos que poidan mellorar a súa calidade de vida por medio dun instrumento máis práctico e cómodo.

Así, esta tarxeta acreditativa non crea por si mesma novos beneficios ou a maiores dos que actualmente xa pode optar a persoa que teña recoñecida un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%: prestacións económicas por invalidez; vantaxes na asignación de prazas en centros educativos e no acceso a ciclos formativos; fomento do emprego na empresa ordinaria e reserva de prazas na Administración pública ou beneficios en materia fiscal, vivenda e transporte; entre outras medidas de apoio que se poden

consultar no portal de benestar da Consellería: <http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-discapacidade>.

Poderán ser titulares desta tarxeta as persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, cuxo expediente conste en poder da Administración autonómica. Esta é persoal e intransferible e serve de documento substitutivo, para todos os efectos, da resolución pola que se recoñece o devandito grao, e que ten validez en todo o territorio do Estado. Ademais,

a súa presentación deberá ir acompañada do documento nacional de identidade, número de identificación de estranxeiro ou pasaporte, no suposto en que así o requira o organismo ou entidade competente. As persoas titulares menores de 14 anos poderán acreditar a súa identidade mediante a presentación dunha certificación literal de nacemento expedida polo rexistro civil.

Procedemento de emisión

A tarxeta acreditativa de discapacidade expedirase de oficio para os expedientes actualmente en tramitación, ben sexan solicitudes iniciais de

recoñecemento ou de revisión. Asemade, a devandita tarxeta expedirase por petición expresa das persoas interesadas nos seguintes dous supostos: nos casos de solicitude dunha nova tarxeta por perda ou subtracción e para as persoas que a día de hoxe teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e que non teñan un expediente de revisión en tramitación.

A vixencia da tarxeta constará nesta e poderá ser de carácter definitivo ou temporal, de acordo co prazo de vixencia que figure na resolución que recoñeza o grao de discapacidade.

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/tarxeta-acreditativa-do-grao-de-discapacidade>



Rey Varela destaca a importancia do deporte nas persoas con discapacidade como "motor dos seus soños" e medio para acadar "a mellora da calidade de vida"

Ares (A Coruña), 3 de setembro de 2016.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou no Día do Voluntariado de Iberdrola en Galicia celebrado no Club Náutico Ría de Ares. Alí, realizouse unha xornada de vela inclusiva dirixida a persoas con discapacidade na que colaborou COGAMI e que contou coa apoio da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol

e da Deputación da Coruña. Na súa intervención, o responsable autonómico destacou que o deporte é "importantísimo" para este colectivo xa que é "o motor dos soños, un medio accesible para acadar aquelas metas máis utópicas".

Nas súas verbas, Varela salientou tamén o traballo da Consellería de Política Social coas entidades que traballan en prol da mellora da calidade de vida

- **Garante o apoio da Xunta a iniciativas como esta na que 25 persoas gozarán dunha xornada de navegación pola ría de Ares a bordo de embarcacións de vela lixeira.**

das persoas con discapacidade. "Dentro do obxectivo de axudar ás persoas con dificultades, a Xunta colabora cunha morea de asociacións que loitan polos dereitos das persoas que máis o precisan", sinalou. Do mesmo xeito, o titular da área social garantiu o apoio da Xunta de

Galicia a iniciativas como esta na que 25 persoas (persoal de Iberdrola, usuarios e persoal de COGAMI en Ferrol e monitores do náutico) gozaron dunha xornada de navegación pola ría de Ares a bordo de embarcacións de vela lixeira.

Rey Varela asiste á saída da Marcha Ciclista Unificada que organiza Special Olympics Galicia



A Xunta de Galicia incrementará a oferta de prazas concertadas para persoas con discapacidade intelectual no centro de día da asociación "Con Eles"

- ▶ A Administración autonómica subirá de 27 a 30 o número de prazas financiadas con fondos públicos que xestiona "Con Eles", aumentando tamén en máis dun 11% o orzamento que destina a esta entidade que presta servizo ás comarcas de Caldas e O Salnés
- ▶ Rey Varela enmarcou este aumento da oferta no proceso de despregamento de novas prazas para persoas con discapacidade intelectual que ten iniciado o Goberno galego nas catro provincias.

Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), 6 de xullo de 2016.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou en Vilagarcía de Arousa as instalacións da Asociación de Discapitados Psíquicos "Con Eles", acompañado da directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Coro Piñeiro Vázquez. Rey Varela reuniuse cos responsables desta entidade e anunciou o incremento no número de prazas concertadas no centro de día que esta xestiona, e que dá servizo a persoas con discapacidade intelectual das comarcas de Caldas e O Salnés.

En concreto, a Xunta de Galicia aumentará en tres máis as prazas concertadas no devandito centro pasando das 27 actuais ás 30, e todas elas co servizo de transporte incluído. O titular de Política Social enmarcou esta mellora da oferta no proceso de despregamento de novas prazas para persoas con discapacidade intelectual que ten iniciado o Goberno autonómico e que suporá que a finais deste ano estean dispoñibles novas prazas distribuídas nas catro provincias.

Rey Varela apuntou que esta mellora da oferta é posible debido á suba do orzamento destinado á área de discapacidade, que neste ano 2016 ascende a case 94 millóns de euros, o que supón un crecemento de case o 24% nos dous últimos exercicios. "Hoxe en Galicia dispoñemos de máis recursos económicos, o que nos está permitindo ampliar os servizos e prazas en centros

de día, residenciais e centros ocupacionais para persoas con discapacidade". Así, no caso de "Con Eles", Política Social incrementou en 2016 en máis dun 11% o orzamento que destina ao financiamento de prazas residenciais diúrnas con respecto ao ano pasado, chegando aos 368.000 euros.

Obxectivo común

O conselleiro encomiou o traballo que realizan asociacións como "Con Eles", que considerou "básico para promover a integración social, laboral e a normalización das persoas con discapacidade, un obxectivo que compartimos o conxunto do goberno". Neste sentido, engadiu que para a Xunta de Galicia "é fundamental coordinarse e traballar conxuntamente con outras administracións e entidades para poder avanzar na igualdade de dereitos e oportunidades deste colectivo".

Ademais, Rey Varela apuntou que dende a Consellería de Política Social "continuaremos a apoiar as medidas necesarias para conseguir a inclusión social, efectiva e real, das persoas con discapacidade". Neste sentido está a traballar a Administración autonómica coa próxima convocatoria de novas liñas de intervención prioritarias: accesibilidade, autonomía persoal, para a adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal e servizos complementarios de asistencia persoal; aos concellos, para a promoción da accesibilidade e a eliminación de barreiras arquitectónicas e ás entidades, para



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou en Vilagarcía de Arousa as instalacións da Asociación de Discapitados Psíquicos "Con Eles"

o desenvolvemento de accións de asesoramento e formación de persoas con discapacidade.

E, por último, o conselleiro referiuse á Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 como "mostra da aposta decidida da Xunta polo benestar de todos os galegos e galegas". Trátase dun documento elaborado coa participación dos axentes e colectivos implicados no ámbito da atención e servizos de discapacidade que contén 460 medidas centradas en seis liñas de intervención prioritarias: accesibilidade, autonomía persoal, educación, formación e emprego, saúde e servizos sociais.

Asociación

"Con Eles" é unha asociación formada por familiares e amigos das persoas con discapacidade

intelectual que ten por obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias, fomentando e desenvolvendo actividades encamiñadas á asistencia e recuperación das persoas con discapacidade intelectual.

O centro de día da entidade de iniciativa social "Con Eles" ten un total de 50 prazas, das cales a Xunta de Galicia ofertará a partir deste mesmo ano 30 concertadas. Nestas instalacións, que levan funcionando dende o ano 2006, ofrecen os seguintes servizos: transporte; actividades de ocio, socioculturais e deportivas; asistencia ás actividades da vida cotiá; fisioterapia; obradoiros formativos e servizo de comedor.

A Xunta impulsa coa Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental un programa de apoio socioeducativo comunitario e atención no fogar



José Manuel Rey Varela e Xosé Ramón Girón García, asinaron en San Caetano un convenio para o desenvolvemento dun programa piloto de apoio socioeducativo comunitario e atención no fogar

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2016.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e o presidente da Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES), Xosé Ramón Girón García, asinaron en San Caetano un convenio para o desenvolvemento dun programa

piloto de apoio socioeducativo comunitario e atención no fogar. O montante económico deste acordo de colaboración ascende a un total de 60.000 euros.

Así, a través deste protocolo de colaboración a Xunta de Galicia contribuirá ao financiamento de actividades de no eido da información, orientación e atención sociofamiliar; ademais de reforzar

- ▶ O acordo ascende a un importe total de 60.000 euros e ten como finalidade contribuir a mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade mental e das súas familias, así como fortalecer a autonomía e independencia destas persoas para a súa inclusión social activa e produtiva.

as intervencións en domicilios e os acompañamentos sociocomunitarios. Rey Varela explicou que o obxectivo deste convenio é contribuir á mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias, así como fortalecer a autonomía e independencia persoal destas persoas para a súa inclusión social activa e produtiva.

Ademais, o titular da carteira autonómica de Política Social enmarcou este acordo con FEAFES na necesidade de seguir desenvolvendo un espazo de intervención efectivo para este colectivo, capaz de dar unha atención integral centrada na persoa e que dea prioridade ás actuacións preventivas e de rehabilitación. Neste sentido, o

conselleiro apuntou que se estima que en Galicia entre o 2,5 e o 3% da poboación adulta parece un trastorno mental grave, sendo a segunda causa de discapacidade despois das físicas.

Rey Varela encomiou o traballo que levan a cabo dende hai anos as entidades centradas na atención a persoas con algún tipo de discapacidade mental, e reiterou o apoio da Administración autonómica a este colectivo mediante o reforzo dos servizos orientados á normalización e integración social deste colectivo. "É vontade do Goberno galego apoiar as persoas con discapacidade e as súas familias en todos os pasos que dean cara a conseguir unha maior calidade de vida", concluíu.

Arturo Parrado inaugura o Foro Inserta Responsable de análise das oportunidades que ofrece a inclusión laboral de persoas con discapacidade

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2016.-

O director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, participou na inauguración do Foro Inserta Responsable, celebrado pola Fundación ONCE. Trátase dun espazo de traballo en rede para a análise e a innovación social en torno ás oportunidades que ofrece a incorporación da responsabilidade social-discapacidade como estratexia de mellora da competitividade e creación de valor compartido.

O Foro Inserta Responsable comparte coa Xunta de Galicia o desenvolvemento de diferentes iniciativas orientadas a axudar as

empresas a potenciar o talento das persoas con discapacidade e a súa inclusión laboral. "Coa formación e preparación necesaria, as persoas con discapacidade son competitivas e por iso, cada día máis empresas apostan polo seu talento a través da contratación", afirmou o director xeral. Parrado recoñeceu o traballo das empresas presentes no fomento do emprego e formación das persoas con discapacidade e na promoción da accesibilidade en todos os ámbitos da vida. Así mesmo, destacou a gran implicación empresarial, "proba diso, é a representación de importantes empresas que constitúen este foro".

- ▶ O evento, organizado pola Fundación ONCE, reúne empresas que apostan polo talento das persoas que forman este colectivo.

Parrado rematou a súa intervención destacando a gran implicación empresarial con este foro

e felicitando as empresas galegas presentes polo seu traballo en prol da inclusión.

<http://www.foroinserta.es/foro-inserta>



A Asociación Inserta Empleo da Fundación ONCE e a Amtega ofrecen formación en ofimática a persoas con discapacidade en situación de desemprego

- ▶ **A entidade de formación e emprego da Fundación ONCE adhiúrese como aliado dixital ao Plan de inclusión dixital 2020 da Amtega**
- ▶ **Colaborará coa Axencia para facilitar o acceso das persoas con discapacidade ao Certificado de competencias dixitais en Ofimática, CODIX.**

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2016.- A Asociación Inserta Empleo, entidade de formación e emprego da Fundación ONCE vén de adherirse como aliado dixital ao Plan de inclusión dixital de Galicia 2020, impulsado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). No marco desta colaboración ambas entidades veñen de poñer en marcha a iniciativa "Formación e CODIX para persoas con discapacidade" para ofrecer capacitación en ofimática a persoas en situación de desemprego con certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%, co fin de garantir o seu acceso ao mercado laboral.

A Asociación Inserta Empleo xa realizou as primeiras actividades formativas de Ofimática nas aulas da Rede CeMIT da Coruña, Ferrol, Pontevedra, Santiago e

Lugo, nas que desenvolverá as 190 horas formativas do curso para a obtención da certificación en Ofimática (CODIX). Unha vez rematado o período de formación, as persoas participantes poderán obter a certificación galega de competencias dixitais en Ofimática (CODIX) mediante a superación dunha proba presencial de carácter voluntario baixo a supervisión tanto de Inserta Empleo como da Amtega.

Inserta Empleo colaborará tamén co Plan de inclusión organizando outras actividades formativas, eventos ou iniciativas de divulgación e dinamización das TIC e na difusión da inclusión dixital en Galicia.

CODIX

En 2014 a Amtega habilitou as aulas da Rede CeMIT para a formación e avaliación dos

contidos formativos que compoñen o Plan formativo ofimático de Galicia para a obtención da certificación de competencias dixitais en Ofimática (CODIX) pola cidadanía en xeral, garantíndose xa, non só o acceso á formación necesaria senón tamén o acceso ás probas de avaliación que ata ese momento non existiran

A certificación galega de competencias dixitais en Ofimática (CODIX) é o documento que acredita posuír a combinación de coñecementos, capacidades e aptitudes no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións que as persoas precisan para desenvolverse con eficacia e eficiencia no manexo de aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación.

Plan de inclusión dixital de Galicia 2020 - Aliad@s dixitais

O Plan de inclusión dixital é a estratexia autonómica para facilitar a calquera persoa, independentemente do nivel dixital no que se atope, avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC.

Esta estratexia estase a desenvolver grazas á cooperación, e implicación dos axentes do ecosistema dixital. Actualmente o Plan de inclusión dixital conta xa con 700 aliados dixitais, aos que se vén de sumar a Asociación Inserta Empleo da Fundación ONCE.

O pasado 29 de abril publicouse a resolución que permite que todas as entidades, empresas, asociacións, etc interesadas en colaborar co Plan, poidan adherirse como aliados dixitais

Inserta Empleo

A Asociación Inserta Empleo, é a entidade da Fundación ONCE para a formación e emprego de persoas con discapacidade que busca posibilitar a súa integración plena na sociedade mellorando a súa cualificación profesional; promover a creación de emprego para persoas e apoiando a creación de prazas ocupacionais en colaboración coas entidades do movemento asociativo de persoas con discapacidade e as súas familias.

<http://www.fsc-inserta.es/Paginas/Home.aspx#V9EW7GYcS9I>



Rey Varela avanza co Concello de Foz na cesión da xestión do fogar residencial e centro de día para a atención de persoas maiores e dependentes para a súa apertura neste ano

Foz (Lugo), 29 de xullo de 2016.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela reuniuse co alcalde do Concello de Foz, Javier Jorge Castiñeira, para departir acerca da situación actual do centro de día do municipio lugués. Alí, os representantes de ambas as dúas entidades avanzaron na cesión da xestión do fogar residencial e centro de día para a atención das persoas maiores do concello e da súa comarca, co obxectivo de prestar o servizo a persoas sen recursos e con alto grao de dependencia. Do mesmo xeito, coa cesión da xestión do inmovible ao Concello de Foz, as persoas maiores que se atopan

na actual residencia do Concello serán acollidas no fogar residencial. A cesión realizarase polos vindeiros dous anos, coa posibilidade de prórroga doutros dous anos máis. Grazas a este acordo o centro de día e fogar residencial poderá abrir as súas portas neste mesmo ano.

O responsable da área social do Goberno galego salientou que o obxectivo da Consellería de Política Social é "trasladar a recuperación das contas públicas ás familias galegas, priorizando a aquelas persoas que máis dificultades teñen". "Grazas ao centro de día de Foz axudamos a mellorar a calidade de vida de dous colectivos que ocupan un

- ▶ **Asegura que grazas a esta infraestrutura "axudamos a mellorar a calidade de vida de dous colectivos que ocupan un lugar fundamental nas nosas políticas como son os galegos e as galegas con menos recursos e os que sofren unha situación de vulnerabilidade pola súa dependencia"**
- ▶ **O centro conta con 80 prazas (40 de centro de día e 40 de fogar residencial), ten unha superficie de 2.317,21 metros cadrados e atópase completamente equipado. As obras de construción foron recibidas en novembro de 2015 e a Xunta de Galicia realizou un investimento total de 2.340.603,16 euros cofinanciados con fondos FEDER (80%) e fondos propios do Goberno galego (20%).**

lugar fundamental nas nosas políticas como son os galegos e as galegas con menos recursos e os que sofren unha situación de vulnerabilidade pola súa dependencia", explicou.

O centro conta con 80 prazas (40 de centro de día e 40 de fogar residencial), ten unha superficie

de 2.317,21 metros cadrados e atópase completamente equipado. As obras de construción foron recibidas en novembro de 2015 e a Xunta de Galicia realizou un investimento total de 2.340.603,16 euros cofinanciados con fondos FEDER (80%) e fondos propios do Goberno galego (20%).

Rey Varela asina co Concello de Cervo o convenio para o equipamento do Centro de promoción da autonomía e atención á dependencia sito en San Cibrao por un importe de 160.000 euros

Cervo (Lugo), 29 de xullo de 2016.- A Consellería de Política Social, na figura do seu titular, José Manuel Rey Varela, vén de asinar o convenio de colaboración co concello lucense de Cervo, representado polo seu alcalde, Alfonso Villares Bermúdez, para o equipamento do centro sito en San Cibrao onde se presten servizos das carteiros de promoción da autonomía e de atención á dependencia por un importe de 160.000 euros. Logo da sinatura do acordo, o responsable da área social do Goberno galego asegurou que este texto representa "un pulo decidido polo eido rural, pola mellora das súas infraestruturas e pola súa protección social". "O propósito da Consellería de Política Social é que todos os galegos e galegas melloren a súa calidade de vida, especialmente aqueles que

pasan maiores dificultades e, neste obxectivo, as xentes, e sobre todo os maiores, do rural representan un colectivo prioritario no noso eido de acción", engadiu.

Coa dotación do equipamento necesario para o edificio de San Cibrao -xa construído e que é de titularidade municipal- o centro de promoción da autonomía e atención á dependencia podería entrar en funcionamento proximamente. Segundo o acordado, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, achegará a cantidade de 150.000 euros (65.000 euros na primeira anualidade de 2016 e outros 85.000 euros en 2017), mentres que o Concello de Cervo aportará os restantes 10.000 euros.

O convenio rubricase ao abeiro do Programa de desenvolvemento

- ▶ **Segundo o acordado, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, achegará a cantidade de 150.000 euros (65.000 euros na primeira anualidade de 2016 e outros 85.000 euros en 2017), mentres que o Concello de Cervo aportará os restantes 10.000 euros.**

rural sostible para o período 2010-2014. Un Plan que, dixo o conselleiro, "contempla o financiamento de proxectos orientados á posta en funcionamento de centros destinados á prestación de servizos sociais, prioritariamente centros de atención diurna e residencias de maiores dependentes, co fin de incrementar as prazas dispoñibles destes recursos". Do mesmo xeito, o titular de Política Social asegurou que o convenio asinado dá cumprimento ao Plan grazas ao "equipamento e posta en marcha dun recurso no que as persoas maiores e dependentes poidan recibir cuidados e atencións de

carácter persoal, terapéutico e social".

Nesta liña, Rey Varela destacou o incremento das partidas destinadas a maiores como reflicte que a nova Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade teña neste ano 2016 un aumento do 7% con respecto ao orzamento consignado a esta área en 2015. "Unha suba que nos permitirá coidar mellor dos nosos maiores, consignar máis cartos para atención á dependencia ou abrir máis centros para maiores, como estamos a facer no Concello de Cervo", engadiu.

<http://www.fundaciononce.es/es/pagina/programa-inserta>



A Consellería de Política Social busca formar e apoiar os cuidadores non profesionais a través do programa "Xuntos nos cuidados"

- ▶ O obxectivo do Goberno galego é mellorar a calidade do servizo e da atención que prestan dándolles información, formación e apoio que permitan os mellores cuidados posibles segundo as características e situación do dependente
- ▶ O departamento autonómico presentou o informe do ano 2016 desta acción, no que se desenvolven 7 cursos formativos e se publicou un manual específico dirixidos a persoas cuidadoras de menores en situación de dependencia

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2016.

A Consellería de Política Social presentou o informe sobre as actuacións de apoio ás persoas cuidadoras no contorno familiar que dende o departamento autonómico, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, desenvolve dende o ano 2010 no marco do Programa "Xuntos nos cuidados". Estas actuacións de apoio aos cuidadores inciden especialmente no coñecemento, adestramento en habilidades e o desenvolvemento de actitudes adecuadas para o cuidado de persoas en situación de dependencia.

O obxectivo do Goberno galego é mellorar a calidade do servizo e da atención que prestan dándolles información, formación e apoio que permitan os mellores cuidados posibles segundo as características e situación do dependente. Ao mesmo tempo, búscase por á disposición dos cuidadores unha formación que sirva de ferramenta na atención dirixida ás persoas en situación de dependencia e facilite a súa futura inserción laboral nun futuro.

Para acadar os obxectivos de "Xuntos nos cuidados", en marzo publicouse un manual específico dirixido a persoas de cuidadores de menores en situación de dependencia, co obxectivo de transmitir coñecementos útiles –autocoidado, medidas hixiénico-dietéticas, habilidades persoais e comunicativas, identificación de factores de risco, prevención das situacións de dependencia, etc.- que contribuirán a mellorar a calidade de vida

e a autonomía persoal, tendo en conta a situación individual de cada dependente.

Por outra banda, neste ano 2016 o programa formativo continuará co desenvolvemento de 7 cursos formativos piloto dirixidos especificamente a cuidadores de persoas en situación de dependencia menores de idade, coa continuación de cursos de seguimento e reforzo da formación de persoas cuidadoras de persoas en situación de dependencia con demencia (17 cursos) e coa continuación da creación e dinamización de grupos de autoaxuda (10 grupos).

A Consellería de Política Social inviste neste Programa un total de 33.568,83€ no ano 2016.

Deste xeito, continúaase coa liña de traballo trazada e comezada hai 6 anos, co obxectivo de contribuír á mellora da calidade dos cuidados e da prestación de servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia.

Compromiso coa dependencia

Dentro do ámbito do sistema de atención á dependencia, a Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2010 un programa de formación non formal e apoio aos cuidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia con dereito recoñecido. Así, ata a data, dende a Consellería de Política Social publicáronse o Manual básico de formación para as persoas cuidadoras non profesionais, a Guía para cuidados no contorno familiar, o Manual especializado

http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/guias?category=Tema/Dependencia,Tiposnumerados/Tipodocumento/Guia&friendlyURL=/que-e-a-dependencia&activo=Tipos_enumerados/Tipo_Documento/Guia/



para os cuidadores de persoas con demencia, o Manual especializado para persoas cuidadoras de persoas con enfermidade mental e o Manual de formación para os cuidadores non profesionais de persoas con enfermidades crónicas, garantindo a calidade dos contidos formativos e o seguimento duns criterios homoxéneos en toda a Comunidade, e dos que se pode dispoñer a través do seguinte enderezo <http://benestar.xunta.es/web/portal/guias>.

Así mesmo, leváronse a cabo ata o momento preto de 400 accións formativas na meirande parte dos concellos de Galicia, que formaron preto de 10.000 cuidadores e cuidadoras non profesionais.

Cómpre destacar que ao longo destes anos asinou un convenio de colaboración coa USC, a través dos departamentos de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía e o Departamento de Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública para "investigar a eficacia de dous tratamentos psicolóxicos breves para reducir o risco de depresión

en mulleres cuidadoras de persoas dependentes", e así previr a aparición ou agravamento de situacións de dependencia das persoas cuidadoras. O obxectivo principal deste convenio foi establecer a colaboración coa USC para que levase a cabo, aplicase e avaliasse dous programas de intervención psicolóxica breve para mulleres que cuidan de persoas dependentes e que estaban en risco de depresión: presentaban síntomas depresivos pero non desenvolvían aínda unha depresión clínica.

Na liña do traballo coordinado para conseguir unha maior e máis eficaz atención, a Consellería de Política Social en colaboración coa Consellería de Sanidade, teñen en marcha dende 2011 a instrumentación dun apoio continuo de atención telefónico aos cuidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia a través do teléfono 902 400 116 que ten como obxectivo prestar información sobre cuidados asistenciais ou sobre situacións sanitarias non urxentes.

A Xunta de Galicia abre o prazo para solicitar o Bono Coidado co que subvencionará o uso de recursos de atención á infancia a domicilio

- ▶ Trátase dunha axuda económica que contribuirá ao pagamento do importe de servizos de asistencia por enfermidade do/a menor e imposibilidade de ser coidado/a polos membros da unidade familiar, entre outros supostos puntuais
- ▶ O Diario Oficial de Galicia publica a orde para a posta en marcha de modo experimental desta medida
- ▶ A convocatoria conta cun orzamento de 3 millóns de euros, correspondendo 750.000 euros ao 2016 e 2.250.000 euros ao 2017
- ▶ Os beneficiarios/as destas axudas deberán residir na Comunidade Autónoma de Galicia, ter unha nena ou neno nado/a con posterioridade ao 31 de decembro de 2013 respecto da anualidade 2016 e con posterioridade ao 31 de decembro de 2014 respecto da anualidade 2017
- ▶ A renda da unidade familiar non pode superar os 45.000 euros ou os 13.500 euros per cápita

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2016.

O Diario Oficial de Galicia publica a orde para a posta en marcha de modo experimental do Bono Coidado, un programa pioneiro na nosa comunidade a través do que se concederá unha axuda económica directa ás familias para colaborar no pagamento do importe de servizos de atención á infancia a domicilio.

A axuda consistirá nunha achega para contribuír ao pagamento do importe de servizos de atención á infancia a domicilio por enfermidade do/a menor e imposibilidade de ser coidado/a polos membros da unidade familiar; por enfermidade da persoa cuidadora habitual; asistencia da persoa cuidadora habitual a entrevistas de traballo ou cursos de formación; ou por situacións puntuais de carácter laboral ou de cuidado, tanto do cónxuxe ou parella como de familiares ata o segundo grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, que impidan a atención do/a neno/a polos membros da unidade familiar.

O Bono Coidado concederáse en réxime de concorrencia non competitiva ás familias con nenos e nenas menores de tres anos que teñan a súa residencia en Galicia e precisen deste recurso

para cubrir necesidades puntuais. Deste xeito, concederáse un máximo de 80 horas por familia para a totalidade do período subvencionado (un máximo de 20 horas na anualidade 2016 e de 60 horas na anualidade 2017).

Os beneficiarios/as destas axudas deberán residir na Comunidade Autónoma de Galicia, ter unha nena ou neno nado/a con posterioridade ao 31 de decembro de 2013 respecto da anualidade 2016 e con posterioridade ao 31 de decembro de 2014 respecto da anualidade 2017. Así mesmo a renda da unidade familiar non pode superar os 45.000 euros ou os 13.500 euros per cápita. Para estes efectos

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160826/AnuncioG0425-120816-0001_gl.pdf



terase en conta a declaración do IRPF do ano 2014 respecto da anualidade 2016 e do ano 2015 respecto da anualidade 2017.

Unha vez notificada a resolución de concesión, as persoas beneficiarias deberán achegar á xefatura territorial correspondente a solicitude de pagamento, as facturas orixinais onde conste o día e hora/s en que se prestou o servizo xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento e a xustificación documental da situación puntual que dá dereito á percepción da axuda. A partir dese momento a contía da axuda farase efectiva.

A convocatoria conta cun orzamento de 3 millóns de euros, correspondendo 750.000 euros ao 2016 e 2.250.000 euros ao 2017.

A contía da axuda estará determinada polos seguintes tramos: renda per cápita familiar ata 3.750 euros obterán unha axuda de 14€ hora; renda per cápita familiar superior a 3.750 euros e ata 7.500 euros, 11€ hora; renda per cápita familiar superior a 7.500 euros e ata 10.000 euros, 9€ hora; e renda per cápita familiar superior a 10.000 euros e ata 13.500 euros ou superior dentro dos límites seguintes: menos de 45.000 euros ou dos 13.500 euros per cápita da suma da base imponible xeneral e da base imponible do aforro, 7€ hora.

O período subvencionable será o que vai dende o día seguinte ao da publicación da orde ata o 30 de setembro de 2017.

As persoas interesadas en beneficiarse do Bono Coidado deberán presentar unha solicitude, dispoñible na guía de procedementos e servizos que se atopa neste enlace, así como neste enderezo electrónico. Ademais desta solicitude, os interesados e interesadas deberán achegar a documentación requirida na orde e presentala na xefatura territorial da Consellería de Política Social da provincia onde teña o seu domicilio a persoa solicitante.

<http://www.pan.gal/>



A Xunta de Galicia pon á disposición de establecementos e firmas comerciais e de servizos a posibilidade de adherirse á Tarxeta Benvida

▶ O obxectivo é ofrecerlle ás familias titulares deste recurso unha mellora dos seus beneficios ao presentala nos establecementos que se sumen a esta iniciativa.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2016. A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, vén de convocar un procedemento de adhesión ao desenvolvemento do programa Tarxeta Benvida. A finalidade desta iniciativa é ofertarlle ás familias titulares desta, unha ampliación e mellora dos seus beneficios ao presentala nos establecementos que se sumen a este programa.

Neste programa poderán participar todas aquelas persoas

físicas ou xurídicas que teñan oficinas ou establecementos na Comunidade autónoma. Os participantes fixarán as vantaxes que terán os beneficiarios da Tarxeta Benvida a través de descontos, ofertas especiais ou obsequios, entre outros, sempre e cando se axusten aos obxectivos da Tarxeta. As peculiaridades deste proceso poden consultarse na páxina web da Consellería de Política Social.

A Tarxeta Benvida é unha das accións de dinamización demográfica que forman parte do

Programa de apoio á natalidade (PAN-Galicia), que persegue dar respostas ás necesidades das familias, garantir o seu benestar e apoiálas de maneira integral e continua. En concreto, trátase dunha axuda económica destinada ás familias que este ano 2016 teñan un fillo/a ou adopten un neno/a menor dun ano, co fin de contribuír a sufragar os gastos derivados da súa crianza durante o primeiro ano de vida.

A devandita axuda faise efectiva a través dunha tarxeta moedeiro que se pon á disposición das familias e que se carga cunha contía de 100 euros mensuais durante os

primeiros doce meses de vida do neno/a, sendo pois a contía total da axuda de 1.200 euros. A dita tarxeta serve para a compra de produtos de necesidade básica para o neno/a como leite e outros alimentos infantís, cueiros, produtos de hixiene e produtos farmacéuticos; e poderase empregar en farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación.



O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a convocatoria e a orde que regula a concesión de axudas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2016. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a convocatoria e as bases que regulan as subvencións que poderán desenvolver as corporacións locais para a posta en marcha do programa de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, abre así, a partir de mañá e durante un mes o período de presentación de solicitudes para os concellos interesados en adherirse a esta medida acordada coa Federación Galega de Municipios e Provincias e que forma parte da nova Axenda Social.

O obxecto desta orde é fixar as condicións polas que se determinará o outorgamento das subvencións ás entidades locais para o desenvolvemento desta medida, dirixida a familias

con menores a cargo que estean empadroadas no seu termo municipal e que atravesen dificultades económicas. O programa consistirá na xestión de axudas económicas ao cofinanciamento do 40% dos medicamentos incluídos no Sistema nacional de saúde e prescritos a través de receita. A Administración autonómica destina a esta convocatoria para os anos 2016 e 2017 un total de tres millóns de euros, a razón de un millón e medio por anualidade.

A contía máxima que cada entidade local poderá conceder aos destinatarios finais do programa será de 120 euros por persoa membro da unidade familiar e anualidade, establecéndose a posibilidade de superar este límite nos casos en que a situación do destinatario final o faga aconsellable, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no

- ▶ O obxectivo da orde é o outorgamento de subvencións ás entidades locais para a xestión de achegas económicas ao cofinanciamento do 40% dos medicamentos
- ▶ O importe desta convocatoria para 2016 e 2017 ascende a un total de tres millóns de euros, a razón de un millón e medio por anualidade
- ▶ Os concellos interesados teñen un mes de prazo para presentar as súas solicitudes

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160826/AnuncioG0425-120816-0001_gl.pdf



correspondente informe emitido polos servizos sociais comunitarios básicos.

O procedemento de concesión das axudas, segundo establece a orde recollida no DOG, tramitase en réxime de concorrencia non competitiva. Para os efectos de garantir unha distribución o máis equitativa

posible dos recursos entre os distintos concellos que poidan participar nesta convocatoria, asignarase a cada entidade unha contía inicial en función do tramo de poboación no que se atope, de xeito que se asegura a posibilidade de que todos os concellos interesados poidan participar no programa.

A Xunta dá un paso máis no compromiso coa revitalización da sociedade galega coa creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia

- ▶ Será un instrumento de análise permanente da situación da familia e a infancia na Comunidade Autónoma e das accións desenvolvidas no seu favor, que servirá como canle de divulgación delas e como canalizador das propostas de actuación
- ▶ Servirá de canle para a actuación coordinada e harmónica entre os distintos departamentos das administracións públicas
- ▶ Feijóo incide na importancia de manter como prioritarios os servizos de apoio á familia e refírese ao avellentamento como un dos maiores desafíos aos que se enfronta Galicia no medio e longo prazo.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2016. Tras a reunión do Consello da Xunta, o Goberno galego vén de dar un paso máis no compromiso coa revitalización da sociedade galega coa creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia, un órgano de carácter asesor e de participación, que permitirá unha actuación integral neste eido para unha maior eficiencia e eficacia na protección e promoción dos seus dereitos e intereses.

Así mesmo, será un instrumento de análise permanente da situación da familia e a infancia na comunidade autónoma e das accións desenvolvidas no seu favor, que servirá como canle de divulgación delas e como canalizador das propostas de actuación.

A composición do Observatorio e as súas funcións

O Observatorio contará cun presidente, cun vicepresidente, cun secretario e vogais en representación das administracións públicas, entes, entidades e axentes sociais. As súas funcións serán a de actuar como órgano de recollida, análise e intercambio da información dispoñible en diferentes fontes autonómicas, nacionais e internacionais sobre a familia e a infancia; propoñer a realización de estudos, investigacións e informes técnicos que permitan un mellor coñecemento da situación da familia e a infancia en Galicia e á detección das súas necesidades e

demandas sociais.

Este órgano avaliará tamén o impacto das políticas fiscais, laborais e sociais desenvolvidas polos distintos departamentos das administracións na situación das familias e da infancia galegas; e formulará propostas e recomendacións sobre liñas estratéxicas e prioridades de actuación en materia de políticas familiares e de infancia.

Así mesmo, o Observatorio servirá de canle para a actuación coordinada e harmónica entre os distintos departamentos das administracións públicas; canalizará as propostas das organizacións sociais que desenvolven as súas actividades no eido da infancia e familia; promoverá as actuacións necesarias para sensibilizar a todos os cidadáns no coñecemento e respecto dos dereitos da infancia; promoverá a elaboración

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160826/AnuncioG0425-120816-0001_gl.pdf



dos plans e estratexias de familia, infancia e adolescencia e avaliará a súa execución; elaborará informes e ditames por petición dos órganos competentes da Comunidade Autónoma; impulsará a incorporación da perspectiva da familia e infancia no ordenamento xurídico galego, e elevará propostas e manterá contactos con outros órganos de similar natureza, promovendo os encontros entre profesionais e expertos para facilitar o intercambio de experiencias.

A creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia non comportará custo económico ningún, toda vez que os membros do Observatorio exercerán as funcións inherentes á dita condición de maneira gratuíta.

Apoio decidido ás familias e á infancia

Cómpre lembrar que coa finalidade de atender ás necesidades de especial apoio ás familias, a Xunta puxo en marcha o

Plan de Apoio á Familia e o Plan Integral de Apoio á Natalidade, entendidos como instrumentos de planificación estratéxica de axuda ás familias e de revitalización demográfica. E aprobáronse tamén o Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 e a Estratexia de Apoio para familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

Nesta liña, o presidente da Xunta fixo fincapé na importancia de manter como prioritarios os servizos de apoio á familia e referiuse novamente ao avellentamento da nosa sociedade como un dos maiores desafíos aos que se enfronta Galicia no medio e longo prazo, situación que supón importantes consecuencias a nivel económico e social.

Feijóo lembrou que, por este motivo, a revitalización do país é un obxectivo transversal do recollido no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

<http://www.planestratexico.gal/>



Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

Xaneiro	das Vítimas da Escravitude e a Trata Transatlántica de Escravos	12 de xuño	15 de xullo	21 de setembro	- Día Universal do Neno
27 de xaneiro		- Día Mundial contra o Traballo Infantil	- Día Mundial das Habilidades da Xuventude	- Día Internacional da Paz	25 de novembro
- Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto	Abril	13 de xuño	18 de xullo	Outubro	- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller
	2 de abril	- Día Internacional de Sensibilización sobre o Albinismo	- Día Internacional de Nelson Mandela	1º de outubro	29 de novembro
Febreiro	- Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo	14 de xuño	30 de xullo	- Día Internacional das Persoas de Idade	- Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino
6 de febreiro	6 de abril	- Día Mundial do Doador de Sangue	- Día Internacional da Amizade	2 de outubro	Decembro
- Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina	- Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz	15 de xuño	- Día Mundial contra a Trata	- Día Internacional da non Violencia	1º de decembro
11 de febreiro	7 de abril	- Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez	Agosto	10 de outubro	- Día Mundial da loita contra a Sida
- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia	- Día Mundial da Saúde	19 de xuño	12 de agosto	- Día Mundial da Saúde Mental	2 de decembro
20 de febreiro	28 de abril	- Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos	- Día Internacional da Xuventude	11 de outubro	- Día Internacional para a Abolición da Escravitude
- Día Mundial da Xustiza Social	- Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo	20 de xuño	19 de agosto	- Día Internacional da Nena	3 de decembro
Marzo	29 de abril	- Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos	- Día Mundial da Asistencia Humanitaria	15 de outubro	- Día Internacional das Persoas con Discapacidade
1º de marzo	- Día de Conmemoración de todas as vítimas da guerra química	23 de xuño	23 de agosto	- Día Internacional das Mulleres Rurais	5 de decembro
- Día contra a Discriminación	Maio	- Día Mundial dos Refuxiados	- Día Internacional do Recordo da Trata de Escravos e da súa Abolición	16 de outubro	- Día Internacional dos Voluntarios
8 de marzo	15 de maio	23 de xuño	30 de agosto	- Día Mundial da Alimentación	9 de decembro
- Día Internacional da Muller	- Día Internacional da Familia	- Día Internacional das Viúvas	- Día Internacional das Vítimas de Desaparicións Forzadas	17 de outubro	- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza
20 de marzo	21 de maio	25 de xuño	Setembro	24 de outubro	- Día das Nacións Unidas
- Día Internacional da Felicidade	- Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento	- Día da Xente do Mar	5 de setembro	- Día das Nacións Unidas	24 de outubro
21 de marzo	29 de maio	26 de xuño	- Día Internacional da Beneficencia	- Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento	9 de decembro
- Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial	- Día Internacional do Persoal de Paz das Nacións Unidas	- Día Internacional en Apoio das Vítimas da Tortura	8 de setembro	Novembro	- Día Internacional contra a Corrupción
- Día Mundial da Síndrome de Down	Xuño	- Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas	- Día Internacional da Alfabetización	10 de novembro	10 de decembro
24 de marzo	1º de xuño	26 de xuño	10 de setembro	- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento	- Día dos Dereitos Humanos
- Día Internacional do Dereito á Verdade en Relación con Violacións Graves dos Dereitos Humanos e da Dignidade das Vítimas	- Día Mundial das Nais e os Pais	- Día Internacional das Cooperativas	- Día Mundial para a Prevención do Suicidio	16 de novembro	18 de decembro
25 de marzo	4 de xuño	11 de xullo	15 de setembro	- Día Internacional para a Tolerancia	- Día Internacional do Migrante
- Día Internacional do Recordo	- Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agressión	- Día Mundial da Poboación	- Día Internacional da Democracia	20 de novembro	20 de decembro

<http://www.un.org/es/events/charityday/>



Día Internacional da Beneficencia
3 de setembro

<http://www.un.org/es/events/peaceday/>



Día Internacional da Paz
21 de setembro

<http://www.un.org/es/events/olderpersonsday/>



Día Internacional das Persoas de Idade
1 de outubro

http://www.who.int/mental_health/world-mental-health-day/



Día Mundial da Saúde Mental
10 de outubro

<http://www.un.org/es/events/girlchild/>



Día Internacional da Nena
11 de outubro

<http://www.un.org/es/events/povertyday/>



Día Internacional para a Erradicación da Pobreza
17 de outubro

<http://www.un.org/es/events/unday/>



Día das Nacións Unidas
24 de outubro

Distribución provincial e evolución das prazas públicas da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia conta con 3.460 prazas distribuídas en 31 centros residenciais de titularidade propia. Dos centros propios, 19 están xestionados directamente pola Xunta de Galicia, mentres que os 12 restantes son xestionados por empresas externas.


Xestión:	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total prazas
Propia	932	1.247	2.179
Externa	24	1.257	1.281
Total	956	2.504	3.460

Ademais a Xunta de Galicia ten prazas concertadas en 72 centros. Hai prazas concertadas en 3 centros de titularidade municipal, 33 centros de titularidade privada con ánimo de lucro e 36 centros de iniciativa social. O total de prazas concertadas é de 3.346; 14 son prazas con autonomía e 3.332 son prazas con dependencia.

	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total
A Coruña	0	866	866
Lugo	0	797	797
Ourense	4	760	764
Pontevedra	10	909	919
Total	14	3.332	3.346


Distribución provincial das prazas públicas da Xunta de Galicia

	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total
A Coruña	364	1.959	2.323
Lugo	320	1.155	1.475
Ourense	72	1.159	1.231
Pontevedra	214	1.563	1.777
Total	970	5.836	6.806



Evolución de prazas residenciais da Xunta de Galicia

	Prazas en centros propios	Prazas en centros concertados	Total
2004	3.078	862	3.940
2005	3.098	1.581	4.679
2006	3.179	2.110	5.289
2007	3.329	2.101	5.430
2008	3.333	2.226	5.559
2009	3.324	2.467	5.791
2010	3.448	3.203	6.651
2011	3.464	3.196	6.660
2012	3.464	3.191	6.655
2013	3.440	3.191	6.631
2014	3.440	3.306	6.746
2015	3.460	3.346	6.806



<https://politicassocial.xunta.gal/XiacWeb/>



Censo de personas con discapacidade

A poboación con discapacidade recoñecida en Galicia con data de decembro do 2015 é de 206.417 persoas coa seguinte distribución provincial:

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	42.935	46.800	89.735
Lugo	7.661	7.002	14.663
Ourense	8.879	9.196	18.075
Pontevedra	39.571	44.373	83.944
Total	99.046	107.371	206.417

Distribución por grupos de idade

	Homes	Mulleres	Total
Menor de 7 anos	416	316	732
De 7 a 15 anos	2.042	1.119	3.161
De 16 a 29 anos	4.359	3.171	7.530
De 30 a 49 anos	21.208	16.122	37.330
De 50 a 64 anos	27.232	23.712	50.944
De 65 a 74 anos	19.918	20.276	40.194
> 74 anos	23.871	42.655	66.526
Total	99.046	107.371	206.417

A distribución por tipo de discapacidade é a seguinte:

	Física	Psíquica	Sensorial	Total
A Coruña	68.382	34.056	16.779	119.217
Lugo	10.398	7.216	3.412	21.023
Ourense	9.276	5.883	2.582	17.707
Pontevedra	64.705	33.045	16.025	113.843
Total*	152.761	80.200	38.798	271.843

* Os datos totais da poboación discapacitada por tipo de discapacidade non coinciden cos datos totais debido a que unha mesma persoa pode ter recoñecidos distintos tipos de discapacidade. Fonte de datos Censo de Persoas con Discapacidade de Galicia.

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205001002



Dependencia

Xestión das valoracións das situacións de dependencia

En Galicia, a data 31 de xullo de 2015, un total de 79.122 persoas solicitaron o recoñecemento da situación da dependencia. Do total de solicitudes rexistradas foi recoñecido o grao de dependencia ao 84,75% (65.243) do total de solicitudes activas, e 44.965 son persoas beneficiarias con prestacións.

Total de beneficiarios activos	44.965
Prevención e Promoción	2.645
Residencia	7.584
Teleasistencia	2.207
Centro de día	6.291
Axuda no fogar	14.544
Prestación económica Vinculada Servizo	4.378
Prestación económica Coidados Familiares	11.995
Prestación económica Asistente Persoal	86
Total prestacións	49.730

Solicitudes, persoas beneficiarias con dereito a prestacións e prestacións por Comunidades Autónomas

	Solicitudes	Total persoas beneficiarias con dereito a prestación	Persoas beneficiarias con prestacións
Andalucía	377.653	287.601	178.687
Aragón	43.843	32.993	19.070
Principado de Asturias	34.422	23.100	19.083
Illas Baleares	24.472	17.770	12.761
Canarias	42.890	30.518	14.842
Cantabria	22.247	18.403	14.166
Castela e León	117.124	84.748	84.071
Castela – A Mancha	84.175	64.501	39.947
Cataluña	286.557	217.613	126.784
Comunidade Valenciana	102.641	66.593	47.572
Estremadura	52.928	35.658	23.570
Galicia	79.122	65.243	44.965
Comunidade de Madrid	174.298	129.352	108.043
Rexión de Murcia	43.788	39.332	31.104
Comunidade Foral de Navarra	17.364	13.553	9.421
País Vasco	95.034	72.974	53.114
A Rioxa	14.784	10.322	7.592
Ceuta e Melilla	3.955	2.648	2.529
España	1.617.297	1.212.922	837.321

Fonte: IMSERSO. SAAD (Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia)

ALERTAS BIBLIOGRÁFICAS

• **Boletín de Recursos de Información Hegoa**

<http://boletin.hegoa.efaber.net/>

Editores: Hegoa. Instituto de Estudios sobre Desarrollo y Cooperación Internacional (<http://www.hegoa.ehu.es/>)

ISSN-e: 2255-369X

Último núm. publicado: nº 47 (Xullo, 2016):

- Crisis de Europa, no de las personas refugiadas / Javier Galparsoro

<http://boletin.hegoa.efaber.net/site/archive>

O discurso público mediático fala da “Crise dos refugiados”, cando en realidade o que existe é unha crise en termos humanitarios, provocada en boa medida pola actitude que están a adoptar os países da Unión Europea na xestión desta. No seguinte artigo describíense as orixes desta situación poñendo o foco na foto do neno sirio Aylan Kurdi, que conmocionou a toda a sociedade. Dende entón e ata agora, a actitude da UE na repartición por países das persoas refugiadas foi totalmente insuficiente, tendo en conta as chegadas diarias a Europa de persoas que foxen dos seus fogares por diferentes motivos de persecución.

• **Boletín RPD. Boletín del Real Patronato de Discapacidad**

<http://www.cedd.net/es/boletines/>

NIPO: 689-15-001-4

Edita: Real Patronato sobre Discapacidad

Este boletín electrónico, de periodicidade mensual, recolle unha selección das principais actividades e novas do Real Patronato sobre Discapacidad e do material documental recompilado no Centro Español de Documentación sobre Discapacidad (CEDD)

Últimos números publicados:

- Nº 117, xullo 2016

- Nº 118, Agosto 2016

• **Documentación Social. Revista de Estudos Sociais e Socioloxía Aplicada**

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=430>

http://www.caritas.es/publicaciones_periodicas.aspx

ISSN 0417-8106. Periodicidade trimestral. ISBN 978-84-8440-573-3. D.L. M 4.389-1971.

Edita: Cáritas Española (<http://www.caritas.es/>)

Último núm. publicado: 178 (): De la inclusión activa a la activación inclusiva

Revista dedicada a análises monográficas. Dende 1957 ofrece unha análise da realidade onde se combinan a teoría e a práctica; unha canle para o debate sobre necesidades e potencialidades, onde a desigualdade e a exclusión son coordenadas que están presentes no seu contido; un medio mediante o cal se dan a coñecer as “boas prácticas”, os itinerarios e procesos de intervención social. Documentación Social como revista de “Estudios Sociais e Socioloxía Aplicada” está ao servizo das persoas,

colectivos, institucións, movementos, etc., que están comprometidos na loita contra a exclusión e en crear as condicións para unha sociedade con novos valores, onde a persoa sexa recoñecida como tal. Ata o núm. 169 pode facerse a descarga do texto completo dos capítulos.

• **Empiria. Revista de Metodología de Ciencias Sociales**

<http://revistas.uned.es/index.php/empiria/>

ISSN electrónico: 2174-0682. doi:10.5944/empiria

A revista Empiria foi creada en 1998 no seo da Facultade de Ciencias Políticas e Socioloxía da UNED co obxecto de contribuír á produción e ao debate sobre as técnicas de investigación social aplicada. Empiria é unha revista internacional de periodicidade cuadrimestral, dirixida aos investigadores e profesionais da investigación.

Política de acceso aberto: prevé acceso libre inmediato ao seu contido baixo o principio de que facer dispoñible gratuitamente a investigación ao público fomenta un maior intercambio de coñecemento global.

O último núm. publicado é o nº 34 (maio-agosto) 2016

- Claves para pensar en la construcción de un objeto de investigación complejo: Decisiones teórico-metodológicas en un abordaje multimétodo sobre niños/as, adolescentes y jóvenes que trabajan en las calles (La Plata, Buenos Aires, Argentina) / María Eugenia Rausky, María Laura Crego, María Laura Peiró, Javier Alberto Santos. Páx. 15-38

<http://revistas.uned.es/index.php/empiria/article/view/16521>

- Evolución en los procesos e itinerarios de las personas sin hogar en España: ¿retorno al pasado? / Domingo Carbonero Muñoz, Agustín Ruíz Vega. Páx. 39-78

<http://revistas.uned.es/index.php/empiria/article/view/16522>

- Investigación social cualitativa y dilemas éticos: De la ética vacía a la ética situada / Begoña Abad Miguélez. Páx. 101-120

<http://revistas.uned.es/index.php/empiria/article/view/16524>

• **En la Calle**

<http://fundacionjuans.org/es/revista-en-la-calle>

ISSN: 2647537/5

Edita: Fundación JuanSoñador

Último núm. Publicado: nº 34, mayo-agosto de 2016

Revista de periodicidade cuadrimestral que aborda temas de carácter social e de axuda aos máis desfavorecidos atendendo a educación como a mellor forma de acadar unha sociedade máis equitativa. Publícase desde 2002.

• **Índice. revista de estadística y sociedad**

<http://www.revistaindice.com/>

ISSN-e: 1696-9359

Inicio: 2003

Periodicidade: trimestral

Editores. Universidad Autónoma de Madrid: Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales

Instituto Nacional de Estadística (<http://www.ine.es/>)

A Revista Índice é o froito dun convenio de colaboración entre o Instituto Nacional de Estadística (INE) e a Universidad Autónoma de Madrid (UAM). O seu obxectivo é dar a coñecer e analizar as estatísticas de maior actualidade e de máximo interese social, con especial fincapé nas que ofrecen as Administracións Públicas.

Último núm. publicado: nº 67 dedicado a estadística de seguros.

• **Revista Española de Discapacidad (REDIS). ISSN-e: 2340-5104.**

<http://www.cedd.net/redis/index.php/redis/issue/view/18>

A Revista Española de Discapacidad (REDIS) é unha revista electrónica de carácter científico, orientada á publicación de artigos de investigación ou de reflexión académica, científica e profesional no ámbito da discapacidade, desde unha perspectiva multidisciplinar.

REDIS está coordinada e editada polo Centro Español de Documentación sobre Discapacidad (CEDD) e promovida polo Real Padroado sobre Discapacidad e a Dirección General de Políticas de Apoyo a la Discapacidad do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

- Vol. 4, nº 1, 2016

La situación de las personas con capacidad intelectual límite en España / Agustín Huete García, Pilar Pallero Soto. Páx 7-26

<http://www.cedd.net/redis/index.php/redis/article/view/222>

- Síndrome de Down y enfermedad de Alzheimer: factores de riesgo, evaluación e intervención / Elvira Díaz Pérez, Laura E. Gómez Sánchez, M^a Ángeles Alcedo Rodríguez. Páx 27-51

<http://www.cedd.net/redis/index.php/redis/article/view/211>

- Primeros resultados de la evaluación de un programa de Atención Temprana en síndrome de Down / María Auxiliadora Robles Bello. Páx 53-65

<http://www.cedd.net/redis/index.php/redis/article/view/208>

- Estrategias metodológicas para el estudio de la inserción sociolaboral de las personas con discapacidad / Antonia Sánchez Alcoba, Manuel Hernández Pedreño, Mariano Imbernón Fernández-Henarejos. Páx 97-117

<http://www.cedd.net/redis/index.php/redis/article/view/243>

- Modelo DIL-D ©: diagnosticando las acciones de responsabilidad social corporativa centradas en la integración laboral de personas con discapacidad / Marina Romeo Delgado, Montserrat Yepes Baldó, Francisco Javier Pérez Conesa. Páx 119-133

<http://www.cedd.net/redis/index.php/redis/article/view/216>

- Estigmatización, invisibilización y cosificación de las personas con diversidad funcional. Una aproximación desde la justicia como reconocimiento de Axel Honneth / Manuel Aparicio Payá. Páx 177-190

<http://www.cedd.net/redis/index.php/redis/article/view/245>

- Niveles de desarrollo de la Atención Temprana / Juan Carlos Belda Oriola. Páx 219-224

Apuntes sobre la contribución del GAT a la Atención Temprana / Fátima Pegenaute Lebrero. Páx225-239

http://www.cedd.net/redis/index.php/redis/article/view/217/pdf_50

- La ‘nueva’ discapacidad mental / Carlos De Fuentes García-Romero de Tejada. Páx 249-255

http://www.cedd.net/redis/index.php/redis/article/view/218/pdf_41

Redes sociais: Blogs

Dada a importancia que día a día van adquirindo as redes sociais para o intercambio da información consideramos interesante incluír neste novo número blogs dedicados ás políticas sociais. Hainos individuais e colectivos pero todos eles están relacionados co noso ámbito competencial. Iso sí, desde moi distintas perspectivas. Incluímos aquí unha pequena selección deles.

• **Discapacidad y dependencia. El blog de las familias especiales**

<http://discapacidadydependencia.com/>

Blog dedicado a todas aquelas familias especiais. Dirixida especialmente a coidadores e proxenitores de nenos con algunha discapacidade.

Congresos, xornadas e cursos

- I Congreso Nacional de Arte y Salud Mental 'Realidad y representación'**
 Do 22 ao 24 Setembro de 2016 en Sevilla
 Fundación Pública Andaluza para la Integración Social de personas con Enfermedad Mental (FAISEM)
<http://arteysaludmental.es/blog/>
- Jornadas Trastorno Límite 2016**
 O 29 Setembro de 2016 en Madrid
 Asociación Madrileña de Ayuda e Investigación del Trastorno Límite de la Personalidad (AMAI-TLP)
<https://www.amaitp.org/jornadas-trastorno-limite-2016/>
- Congreso de Parálisis Cerebral 2016**
 Do 30 Setembro ao 01 Outubro de 2016 en Madrid
 Confederación ASPACE y ASPACE Madrid
http://www.aspace.org/assets/uploads/documentos/07577-dossier_cnpc_2016.pdf
- Segundo Congreso Internacional de Pensamiento Complejo y Transdisciplinariedad.**
 Do 8 ao 29 de Outubro de 2016.
 Centro de Investigación de Estudios Comparados de América Latina
<http://congresosonline.wixsite.com/online/prximos-congresos>
- Jornadas internacionales virtuales "La intervención comparada con menores en diferentes países".**
 Do 01 ao 15 Outubro de 2016 en liña
 Universidad Internacional de Andalucía (UNIA)
<http://www.unia.es/oferta-academica/congresos-jornadas-encuentros-y-otras-actividades-formativas/oferta/item/jornadas-internacionales-virtuales-sobre-intervencion-con-menores-la-intervencion-con-menores-en-diferentes-paises>
- Séptimo Congreso Internacional de Ciencias Sociales, Humanidades y Salud.**
 Do 7 al 28 de Outubro de 2016.
 Centro de Investigación de Estudios Comparados de América Latina
<http://congresosonline.wixsite.com/online/prximos-congresos>
- III Congreso Internacional de Trabajo Social. Trabajo Social: arte para generar vínculos.**
 Do 26 ao 28 de Outubro de 2016 en Donostia-San Sebastián
 Universidad de Deusto.
<http://congresotrabajosocial.deusto.es/>
- II Congrès Serveis Socials "Violències en els escenaris actuals"**
 do 09 ao 10 Novembro de 2016 en Barcelona
 Col·legi Oficial de Psicologia de Catalunya (COPC), Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya, Col·legi Oficial de Treball Social de Catalunya y Col·legi de Pedagogos de Catalunya.
<https://cssb.cat/>
- II Congreso de Economía Social y Solidaria.**
 Do 10 ao 12 Novembro de 2016 en Bilbo
 Red de Economía Alternativa y Solidaria Euskadi
<http://www.socioeco.org/actu348.html>
- XVIII Congreso Estatal de Voluntariado**
 Do 24 ao 26 Novembro de 2016 en Huesca
 Plataforma del Voluntariado de España, Gobierno de Aragón y Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad del Gobierno de España
<http://voluntariadoaragon2016.es/>

Outros enderezos de interese

- Asociación Estatal de Directores y Gerentes de Servicios Sociales de España**

<http://www.directoressociales.com/>

Foi constituída en 1.994 para responder ás demandas de modernidade, racionalidade, eficacia e calidade dun sector en desenvolvemento como os Servizos Sociais.

A Asociación está implantada en todo o territorio nacional e conta con delegacións nas distintas Comunidades Autónomas. Agrupa máis de douscentos profesionais (traballadores sociais, psicólogos, sociólogos, educadores, avogados...) con anos de experiencia que ocupan postos de responsabilidade nas institucións, centros ou servizos do Sector, e teñen unha formación especializada para asumir tal xerencia ou dirección.

A Asociación líder no sector de servizos sociais propón ideas e solucións creativas á Administración e ás empresas do sector e sobre todo serve de guía aos distintos profesionais que necesitan asesoramento en materia de servizos sociais.

Entre as súas funcións destacan a de promover todo tipo de reunións científicas, investigacións e publicacións que supoñan unha mellora dos servizos sociais, da súa organización e da súa xestión

Entre as últimas novidades destacan o Informe del Observatorio estatal de la dependencia. xullo 2016

<http://www.directoressociales.com/documentos/novedades-en-discusion.html>

ou os Índice DEC. Índice de desarrollo de los servicios sociales 2015 / Valoración del desarrollo de los servicios sociales 2015 por comunidades autónomas / Tablas de datos de cada indicador

<http://www.directoressociales.com/images/INDICEDEC/Folleto%20Indice%20DEC%202015.pdf>

Tamén destacan os documentos sobre dependencia

<http://www.directoressociales.com/documentos/documentos-dependencia.html>

- Centro Español de Documentación sobre Discapacidad (CEDD)**

<http://www.cedd.net/es/contenidos/qu-es-el-cedd/qu-es-el-cedd/7-16/>

É un servizo que o Real Patronato sobre Discapacidad ofrece a entidades públicas e privadas, profesionais e/ou calquera persoa interesada no campo da discapacidade. Recompila e cataloga a literatura científica máis relevante que se produce tanto a nivel nacional como internacional, así como os documentos que editan os organismos internacionais, as administracións públicas e as entidades do Terceiro Sector neste campo.

O fondo documental está integrado polas principais publicacións, tanto nacionais como estranxeiras, que tratan sobre todos os temas relacionados coa discapacidade e as políticas sociais.

Dende o ano 1980 o CEDD está xestionado pola Fundación Eguía Careaga (SIIS Centro de Documentación e Estudos) a través dun convenio de colaboración.

- Drogomedia. Centro de documentación de Drogodependencias del País Vasco**

<http://www.drogomedia.com/es/>

O Centro de documentación de Drogodependencias do País Vasco xorde en 1992 no seo do Observatorio Vasco de Drogodependencias. Dende ese ano, o SIIS Centro de Documentación e Estudos da Fundación Eguía-Careaga mantén un convenio de colaboración co Goberno Vasco para a xestión do devandito centro de documentación.

A páxina contén abundante documentación e datos sobre drogas, tanto de carácter xenérico (noticias de actualidade, novidades documentais, lexislación, axenda, directorio de recursos) coma especificamente destinada aos profesionais (banco de datos de indicadores, ferramentas de boa práctica, etc.)

O portal de Drogomedia e os seus perfís sociais en Facebook e twitter, actualízanse a diario e constitúen un dos recursos máis empregados no ámbito das drogas no País Vasco. Unha utilización que ademais vai en constante aumento.

En 2015 procedeuse a unha remodelación integral da páxina web Drogomedia, na que se rediseñaron seccións e se incorporaron novos produtos, entre os que destaca o Banco de datos de indicadores sobre adiccións.

Editan recursos bibliográficos varios: boletíns, monografías, bibliografías temáticas. Tamén informan sobre novidades bibliográficas, guías de boas prácticas, manuais, etc.

- Fundación Adsis**

<https://www.fundacionadsis.org/es/libros-y-estudios>

Fundación Adsis é unha organización non gobernamental, constituída ou 16 de abril de 1996, cuxo obxectivo é construír unha sociedade máis xusta e solidaria mediante a promoción integral de persoas e grupos empobrecidos e excluídos.

Poñen especial atención nas persoas novas, posto que son o futuro da sociedade.

Anualmente atenden a máis de 20.000 persoas a través de 6 programas de acción social en 12 provincias do Estado español. Ademais, os programas de cooperación ao desenvolvemento e comercio xusto apoian máis de 80.000 persoas (entre poboación directa e indirecta) en 6 países de América Latina.

Este traballo lévase a cabo grazas á colaboración e apoio de persoas, empresas, e institucións públicas e privadas.

Outros enderezos de interese

• Fundación JuanSoñador

<http://fundacionjuans.org/es/>

É unha organización de carácter social sen ánimo de lucro que promove a Familia Salesiana no seu afán de dar respostas sociais e educativas a colectivos que se encontran en situación de risco e exclusión social, especialmente a mocidade. A Fundación xorde en 2002 co obxectivo de facer realidade o dereito das persoas máis necesitadas a unha vida máis digna. O ámbito de intervención é en todo o territorio do Estado Español, con maior incidencia nas autonomías de Galicia, Asturias e Castela e León, así como en países en vía de desenvolvemento.

Visualizan a súa actividade a través da edición de distintas publicacións entre as que destacan: a memoria de actividades, a colección Publicacións JuanSoñador con 7 nºs. publicados, o Boletín en liña da Fundación e a revista En la Calle

• SIIS. Fundación Eguía-Careaga. Centro de Documentación y Estudios

<http://www.siiis.net/es/>

O SIIS, Centro de Documentación e Estudos, xorde en 1972 no seo da Fundación Eguía Careaga, como resposta a un importante déficit na difusión

de información científico-técnica existente no ámbito do social. Constitúese como unha ferramenta para a mellora das políticas de integración social, da organización dos servizos sociais e da práctica dos profesionais da acción social.

A través do seu menú de Publicacións accédese aos seus boletíns temáticos (Xeral, Discapacidade, Adición, Maiores, Inclusión, Infancia e Xuventude, Xénero e Familia, Acción social e Terceiro sector). Cunha periodicidade quincenal, infórmanos sobre novas publicadas na prensa, axenda, normativa e novidades bibliográfica das que, ás veces, se permite a súa descarga a texto completo.

Durante os meses de xullo e agosto publicáronse os boletíns seguintes: SIIS

- Boletín de acción social: nºs : 257, 258, 259
- Boletín de exclusión social: nºs.: 257, 258, 259
- Boletín de género y familia: nºs : 257, 258, 259
- Boletín de infancia y juventud nºs : 257, 258, 259
- Boletín de personas con discapacidad: nºs : 257, 258, 259
- Boletín de personas mayores: nºs : 257, 258, 259
- Boletín Terceiro sector: 131, 132, 133

Blog de publicacións

Invítamos a vostede a visitar o novo blog de publicacións da Consellería de Política Social neste enlace:

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/>

Desde o Departamento de Publicacións queremos ofrecer un contorno de información de recursos documentais que axude á formación e información dos nosos usuarios no ámbito das nosas competencias. Este blog parte da necesidade de ampliar o noso ámbito de coñecemento e dar a coñecer as actuacións e a xestión das políticas públicas en materia de servizos sociais

Estruturámolo a través de catro categorías:

- **Publicacións:** onde se visualizan os recursos bibliográficos editados pola Consellería de Política Social cun enlace á publicación en formato pdf.
- **Normativa:** a intervalos periódicos poderá acceder a unha recompilación normativa relacionada coas políticas sociais de carácter autonómico, estatal e europeo. As referencias normativas recóllense na lingua na que aparecen publicadas e no caso de comunidades autónomas con lingua cooficial, a elixida será o castelán agás en Galicia que aparecerá na súa lingua oficial.
- **Estadísticas:** Como consecuencia das competencias atribuídas á Con-

ALERTAS e, PUBLICACIONES de política social

sellería na elaboración e difusión estatística das áreas temáticas que lle afectan, terá acceso a cada unha das actividades ou operacións estatísticas elaboradas polas distintas unidades administrativas e demais entes da Consellería e integradas no Programa estatístico anual (PEA) que cada ano publica o Instituto Galego de Estatística (IGE) no Diario Oficial de Galicia (DOG). Tamén poderá acceder a táboas, gráficos de evolución, pirámides de poboación etc., de elaboración propia, a partir dos datos tomados dos institutos de estadísticas tanto estatais como autonómicos e referidas especialmente a Galicia.

- **Alertas:** a través desta categoría pretendemos facilitarlles información do noso ámbito competencial extraída da internet e na que recibirán información sobre novidades bibliográficas e/ou novas sobre eventos e páxinas de asociacións, fundacións, observatorios, etc. daquelas competencias que nos afectan.

Esperamos, a través deste blog, non só actualizar as curiosidades profesionais dos nosos lectores e adaptarnos ás súas necesidades senón tamén establecer unha comunicación que nos permita mellorar a nosa profesionalidade e a dos nosos usuarios.

Catálogo de publicacións na web

Medidas xudiciais derivadas da aplicación en Galicia da L.O. 5/2000, reguladora da reponsabilidade penal dos menores: Memoria 2015



▶ Acceso:

https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/medidas_xudiciais_2015_v1.pdf

A norma que regula a responsabilidade penal dos menores (Lei orgánica 5/2000) pon o acento nas funcións rehabilitadoras e reeducadoras máis que nas sancionadoras. Establece un catálogo de medidas de natureza sancionadora-educativa que, baseado no superior interese do menor, persegue a integración e a reinserción social dos/as menores que delinquen. Esta memoria recolle os datos estatísticos de execución relativos ao ano 2015 e preséntase dividida en seis bloques: Medidas notificadas polos xulgados de menores, Medidas en execución, Medidas pendentes de execución, Datos sobre as persoas menores que estiveron executando medidas e Actuacións no ano 2015. Acompaña á publicación un anexo cun resumo do programa de traballo remunerado e formación ocupacional de menores infractores que cumpren unha medida de internamento nun centro.

Un ano de mobilidade xuvenil: 2015

Un ano de mobilidade xuvenil 2015



▶ Acceso:

https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/mobilidade_xuvenil_2015.pdf

Publicación que recolle as actividades de mobilidade que se realizaron durante o ano 2015, tanto as realizadas por mozos/as galegos noutros países coma as levadas a cabo por mozos/as de diferentes países en entidades, asociacións e institucións galegas.

O obxectivo da publicación é dar a coñecer as diferentes opcións, programas e actividades que se lles ofertan á mocidade e ás entidades de Galicia no eido da mobilidade.



BdB. Boletín de Benestar. Boletín Informativo de Política Social. Nº 2 (Maio-Xuño) 2016. ISSN-e: 2445-1932.

Novo boletín informativo de periodicidade bimestral elaborado pola Sección de Publicacións e Estadísticas da Secretaría Xeral Técnica. Estrutúrase en varias seccións: Actualidade, Estadísticas, Alertas bibliográficas e Normativa e ten como principal obxectivo informar sobre as actuacións máis salientables da Consellería no seu ámbito competencial e a información e formación dos seus usuarios.

▶ Acceso:

https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/bb_02_2016_0.pdf

<https://libraria.xunta.gal/gl>





Diario Oficial de Galicia

- Resolución do 15 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2016. (DOG nº 124, do 01.07.2016).
- Orde do 17 de xuño de 2016 pola que se convoca o procedemento para a concesión de axudas económicas ás familias numerosas de Galicia para estadias de fin de semana nas estacións de montaña situadas no territorio da Comunidade Autónoma para o ano 2016. (DOG nº 125, do 04.07.2016).
- Orde do 20 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas a confederacións, federacións e entidades de iniciativa social, non asociadas nin federadas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación de persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017. (DOG nº 126, do 05.07.2016).
- Orde do 22 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017. (DOG nº 126, do 05.07.2016).
- Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación

- profesional para o emprego correspondentes ao exercicio de 2016 (código de procedemento TR301V). (DOG nº 127, do 06.07.2016).
- Decreto 76/2016, do 9 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2017. (DOG nº 128, do 07.07.2016).
- Lei 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. (DOG nº 131, do 12.07.2016).
- Orde do 27 de xuño de 2016 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de persoas colaboradoras bolseiras para as residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social para o curso 2016/17. (DOG nº 132, do 13.07.2016).
- Orde do 10 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á creación de emprego e incremento da estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (DOG nº 133, do 14.07.2016).
- Corrección de erros. Orde do 22 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017. (DOG nº 135, do 18.07.2016).
- Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016-2017, cofinanciada

- polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020. (DOG nº 135, do 18.07.2016 e corrección de erros no DOG nº 138, do 21.07.2016).
- Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (DOG nº 140, do 26.07.2016).
- Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea das persoas desempregadas paradas de longa duración e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (DOG nº 140, do 26.07.2016).
- Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. (DOG nº 140, do 26.07.2016).
- Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020). (DOG nº 140, do 26.07.2016).
- Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica. (DOG nº 141, do 27.07.2016).
- Orde do 30 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (Programa Aproz-economía social), cofinanciadas parcialmente con

cargo ao Programa operativo do Fondo Social Europeo e ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se convocan para o ano 2016. (DOG nº 141, do 27.07.2016).

- Orde do 18 xullo de 2016 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego, dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (DOG nº 141, do 27.07.2016).
- Resolución do 14 de xullo de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (DOG nº 142, do 28.07.2016).
- Orde do 1 de xullo do 2016 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE), a igualdade laboral e a conciliación laboral e persoal nas pemes galegas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (DOG nº 142, do 28.07.2016).
